

MOCIÓN DE AER SOBRE SOBRE TRANSPARENCIA NOS SALARIOS, DIETAS E GASTOS DE REPRESENTACIÓN DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN

PLENO 6 XUÑO 2013. ACTA 11/2013

ANTECEDENTES

Vista a moción presentada polo grupo municipal AER, que a continuación se transcribe: “Dende AER consideramos que a cidadanía debe ter un acceso fácil á información en todo o relativo ao gasto dos cartos públicos. Seguindo na nosa liña de pedir transparencia en todo o relativo a este tema e considerando o mal vista que esta a clase política na actualidade, consideramos que a cidadanía debe ter un fácil acceso ao que cobran por diversos conceptos os cargos e grupos políticos representados nesta corporación.

Polo anteriormente exposto propoñemos o seguinte ACORDO:

Publicar na páxina web do Concello:

- 1. Salario de cada un dos membros da corporación.**
- 2. Contía da subvención recibida por cada grupo político.**
- 3. Cartos que reciban os membros da corporación por asistir a outros organismos, como GDR, Deputación, Portos de Galicia, etc....**
- 4. Dietas recibidas polos concelleiros con responsabilidade de goberno e concepto das mesmas, cunha frecuencia semestral.**
- 5. Gastos de protocolo do equipo de goberno e concepto dos mesmos, cunha frecuencia semestral.**
- 6. Tódolos datos anteriores dende o inicio deste mandato”**

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros presentes, sendo vinte e un votos a favor (10 do PP, 8 do PsdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER) aprobou, nos seus propios termos, a moción nos antecedentes transcrita.